

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 13

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 9 DE XUÑO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día nove de xuño do ano dous mildez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez (con atraso), Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación

legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Procedemos co Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente convocado por orde do día do pasado 7 de xuño con dous puntos. Constatamos quórum e abrimos sesión pública.

Para os efectos das votacións e dado que houbo un pedimento en comisión informativa, enviúselles ós voceiros dos grupos un informe da secretaria con relación á forma de proceder na votación.

Procedemos coa orde do día. A Presidencia propón que haxa unha intervención do goberno de 10 minutos coa proposta, intervencións de grupos por 10 minutos e peche do goberno por 5 minutos. Se hai algunha outra suxestión a Presidencia a atenderá.

SR. FIGUEROA VILA: Neste asunto hai dous temas moi diferenciados; un é un decreto do goberno do Estado e outro é unha proposta de iniciativa política desta Corporación. Son dous temas totalmente distintos e nós imos seguir insistindo en que se voten por separado, porque se hai un decreto que se ten que aplicar parécenos ben que se debata sobre ese decreto, pero se a maiores hai unha medida concreta que é unha iniciativa política, de vontade política, é dicir, hai unha recomendación da FEMP, unha proposta da Alcaldía apoiada por todos os grupos políticos que é iniciativa política desta Corporación e polo tanto, sen ningunha mala intención por parte de ninguén, que se debatan estes dous asuntos e cada que quen vote libremente o que coide oportuno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Ó igual que fixemos na comisión informativa, nós tamén queremos propoñer a votación separada en dous puntos. En primeiro lugar porque aquí hai un tema que non ven obrigatoriamente, nin concretada por un decreto que é a redución dos nosos salarios. Entendemos ademais claramente que esa redución dos nosos salarios si é competencia absoluta do Pleno porque é o Pleno quen asigna as cantidades dos concelleiros e concelleiras, así como as do seu persoal de confianza. Outra cousa moi distinta é a aplicación dun decreto emanado dun goberno

central e que a Alcaldía loxicamente ten que cumprir, que o temos que cumprir porque o propio decreto marca claramente as características.

En todo caso é discutible que precisamente esa redución salarial ós funcionarios e funcionarias teña a preceptiva obrigatoriedade de seren debatida e aprobada nun Pleno. Iso é absolutamente discutible, pero non que o Pleno teña que establecer os criterios de recomposición ou de engadido ou redución desas partidas porque forma parte do orzamento. Pero o feito da propia aplicación do decreto, nós entendemos que mesmo é discutible a obrigatoriedade de que se teña que aprobar nun Pleno da Corporación.

Polo tanto nós tamén imos pedir a votación separada dos dous puntos porque nos parece que non ten ningún problema o feito de votar separadamente dous puntos incluídos dentro dun mesmo punto da orde do día porque son puntos claramente diferenciados.

Por outra banda, en moitas ocasións tamén neste Pleno da Corporación con expedientes únicos chegouse a un acordo de separación de distintas votacións mesmo dentro dun expediente porque daquela nos parecía que se podían asumir de xeito diferenciado. Pensamos polo tanto que non hai problema en votar por unha banda a nosa redución salarial e pola outra a aplicación porque é unha aplicación dun decreto da redución salarial dos funcionarios.

A PRESIDENCIA: Nós seguiremos o informe de legalidade da secretaria e polo tanto esta Presidencia seguirá a decisión e a proposta que fai a secretaria na conclusión do informe que se lles fai ós señores e señoras concelleiros.

1.- (124).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular Sr. Martiño Gómez)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a urxencia da sesión.

2.- (125).- PROPOSTA DE APLICACIÓN DO REAL DECRETO LEI 8/2010 DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA A REDUCIÓN DO DÉFICIT.

ANTECEDENTES.- Con data 3 de xuño de 2010 a xefa do Servizo de Recursos Humanos, Sra. Dapena Gómez e a Secretaria Xeral do Pleno, Sra. Campos Acuña, emiten senllos informes que figuran no expediente, relativos á aplicación do Real decreto Lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para a redución do déficit público, solicitados polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal e máis pola Alcaldía-Presidencia, respectivamente.

Con data 7 de xuño o concelleiro delegado de Xestión Municipal emite proposta para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 8 de xuño, ditamina favorablemente a devandita proposta.

No transcurso da sesión plenaria polos voceiros municipais modifícase a proposta formulada no sentido que se reflicte na parte dispositiva deste acordo, procedéndose á votación separada dos dous puntos da mesma en base ós seguintes antecedentes:

“O Boletín Oficial do Estado, nº 126 do luns 24 de maio de 2010, publicou o Real decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, corrección de erros publicada no BOE nº 127 do martes 25 de maio. O texto legal que se validou polo Congreso dos Deputados o día 27 de maio de 2010, ten como obxectivo acelerar os compromisos do Goberno da Nación de redución de déficit público nos anos 2010-2011.

A disposición final sexta do texto legal, establece a entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOE.

A disposición final segunda do precitado Real decreto lei, establece que o artigo 1, apartados dous e tres e a disposición adicional novena, teñen carácter básico. En consecuencia con iso, para a súa aplicación á Entidade Local, pódese facer unha regulación que alcance o obxectivo previsto no apartado dous B do artigo 1 do Real Decreto Lei, é dicir, que con efecto do 1 de xuño de 2010, o conxunto das retribucións de todo o sector público experimente unha redución do cinco por cento, en termos anuais, respecto das vixentes a 31 de maio de 2010, ou facer unha aplicación do contido do precitado RDL. En todo caso é necesario adoptar os acordos preceptivos para a aplicación do Real Decreto Lei 8/2010 ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos administrativos.

A Concellería Delegada de Economía e Facenda e a de Persoal, tendo en conta a limitación temporal que hai para facer a aplicación da devandita norma, articulan unha proposta que someten ao Pleno da Corporación para a aplicación do Real decreto lei.

É unha vontade destes órganos, facer unha aplicación directa do Real Decreto-Lei, establecendo ademais as singularidades propias do acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo desta administración. A redacción

do artigo 20 contempla que as retribucións do persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas que as do persoal funcionario da súa mesma categoría e antigüidade.

Consecuentemente co anterior, a redución salarial contemplada no Real Decreto-Lei 8/2010, aplicarase ao persoal laboral acollido ao vixente acordo regulador en idéntico xeito e contías que a redución que se aplique ao persoal funcionario.

Aos efectos de aplicar á nómina do mes de xuño o contido do mesmo, incorpóranse nesta proposta as táboas por grupos, soldos e trienios, complementos de destino e a redución que suporá nos complementos específicos que serán de aplicación a partir do 1 de xuño do 2010 e que supón unha modificación do apartado dous e cinco do artigo 22 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de presupostos xerais do estado para 2010. Así mesmo, incorpórase a táboa coas novas retribucións que afectarán aos Srs. concelleiros con dedicación exclusiva e que afectará ás mensualidades de xuño-decembro e paga extraordinaria de decembro.

Tamén se incorpora a táboa que afectará á paga extraordinaria do mes de decembro correspondente aos funcionarios de carreira e aos interinos, así como a redución que afectará á paga do persoal laboral.

En relación coa redución que experimentarán as retribucións dos Srs. Concelleiros con adicación exclusiva e parcial, a Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Provincias, en sesión de data 25 de maio, no marco do Real Decreto Lei 8/2010, adoptou acordo sobre a redución de salarios dos cargos electos e altos cargos locais. Dito acordo concluíu coa recomendación a todas as entidades locais de aplicar a medida de redución dos salarios de presidentes, concelleiros e altos cargos en función das retribucións que perciban establecendo distintas porcentaxes, nos seguintes termos:

REDUCIÓN SALARIAIS ORIENTATIVAS PARA ALCALDES, CONCELEIROS, PRESIDENTES DE DEPUTACIÓN, CONSELLOS E CABILDOS INSULARES, DEPUTADOS PROVINCIAIS E ALTOS CARGOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

SALARIO TOTAL	CARGOS AGE	REDUCIÓN %
Entre 81.155,04 € e 91.982, 40 € ou superior	Ministros e Presidente do Goberno	15,00%
Entre 73.682,84 € e 81.155,04 €	Secretario de Estado	10,00%
Entre 64.606,48 € e 73.682,84 €	Subsecretario e asimilado	9,00%
Entre 54.615,68 € e 64.606,48€	Director xeral e Asimilado	8,00%

A título orientativo e para cubrir o tramo que vai dende 54.615,68 € ao que se lle aplica o 8% ata o de 13.935,60 € ao que se lle aplica o 4,5 %, se reflicten as seguintes opcións:

SALARIO TOTAL	REDUCIÓN %
Entre 54.615,68 € e 41.055,65 €	7,00 %
Entre 41.055,65 € e 27.495,63 €	6,00 %
Entre 27.495,63 € e 13.935,60 €	5,00 %

Non obstante e considerando que segundo se establece no referido Real Decreto Lei a máxima redución aplicable aos salarios dos membros do goberno do Estado ven fixada nunha porcentaxe do 15% para o Presidente do Goberno, o Alcalde, na súa vontade de contribuír a acelerar a redución do déficit público, manifestou publicamente dende o inicio a súa decisión de aplicar dita redución nos seus termos máximos, é dicir, a máxima redución do 15%. Deste xeito o voceiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE levou á Xunta de Voceiros a proposta de redución da totalidade das retribucións nunha porcentaxe dun 15%, coa mesma temporalidade que a prevista polo RD-lei para o resto do persoal do sector público, sendo esta proposta a que se eleva ao Pleno.”

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Traemos ó Pleno a proposta de aplicación do Real decreto lei 8/2010 de medidas extraordinarias para a redución do déficit validado polo Parlamento español. Traemos unha proposta conxunta da Concellería de Persoal e da de Facenda para a súa aplicación e, tal e como se di na introdución da proposta en relación coa polémica que se suscita sobre a votación conxunta ou separada, debo dicir que este Real decreto ten aplicación de carácter básico e polo tanto é de aplicación á entidade local e de aplicación conxunta ó Capítulo I do orzamento votado e aprobado xa por este Concello.

Polo tanto trasladado a unha votación do orzamento non tería lóxica votar os capítulos do orzamento por separado ou que dentro do Capítulo I as distintas partidas as votásemos por separado. O Real decreto lei para a redución do déficit comprende as retribucións de funcionarios pero tamén as retribucións de presidente do goberno e de todos os altos cargos da administración central. É en base a ese conxunto que facemos a proposta de redución de salarios para os membros da Corporación deste Concello. Insistimos polo tanto que este punto ten un carácter conxunto e de acordo co informe de legalidade e por seguridade xurídica isto non se pode dividir.

A proposta que realizamos comprende inicialmente o pronunciamento que fixo o alcalde de Vigo en canto á redución dun 15% do seu salario. Quero lembrar aquí que no real decreto se establece o 15% como redución máxima para o presidente do Goberno e para o resto dos altos cargos e tamén no acordo da FEMP se establecen distintas porcentaxes. O Grupo municipal socialista propúxolle á Xunta de Voceiros que todos os concelleiros, independentemente do tramo de salario no que esteamos por mor da nosa dedicación, tivésemos a mesma porcentaxe de redución porque estimamos que, en coincidencia coa política do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero e coa situación económica en xeral, que a situación de crise é moi grave e que polo tanto os primeiros en dar exemplo temos que ser os cargos electos e neste caso os concelleiros. Asumindo ese esforzo en aras dun maior aforro propuxemos na Xunta

de Voceiros que este 15% sexa para todos os corporativos. Este é o primeiro punto de acordo.

O segundo punto é o de aplicación a todos os empregados públicos deste Concello de acordo co Real decreto, é un traslado do establecido no Real decreto en canto ás táboas de retribucións básicas, complementarias e pagas extraordinarias. Na proposta que realizamos conxuntamente tamén destinamos a aplicación dos aforros a diminuír o nivel de endebedamento que, de acordo co real decreto, ten unha orde de preferencia.

O que nós traemos é sinxelamente a aplicación do real decreto, coidamos que obedece a unha situación de crise económica profunda, crise non só presente en España, senón tamén no conxunto dos países do mundo e especialmente na Unión Europea. Dende a propia Unión Europea e dende todos os países que a integran tamén se tomaron medidas. Hai que salientar que todos os países tomaron medidas moi similares ás que tomou o goberno do Estado español. Evidentemente se comezou por Grecia, pero se continuou por Portugal e nestes días tanto o goberno de Alemaña como o do Reino Unido tomaron tamén medidas moi drásticas que eses mesmos países denominan como as medidas e as reducións máis importantes dende a II Guerra Mundial. Coido polo tanto que estamos nun contexto xeneralizado de crise ó que todas as administracións debemos dar cumprida resposta.

Pero certamente hai unha diferenza. En España propóñense unhas reducións salariais no caso dos funcionarios que eu quero sinalar aquí que teñen un carácter proporcional e a redución é menor para quen menos cobra que para quen máis cobra, coa intención, iso si, de acadar unha redución do déficit do 5%. Isto é importante porque o que están a facer outros países son tamén reducións pero eliminando milleiros de postos de funcionarios nas súas respectivas administracións. Coido polo tanto que o goberno español e as administracións estamos nese sentido a ter un rasgo distintivo de como chega a crise ós empregados públicos.

Non son medidas que nos agraden ós socialistas, débense tomar nesta situación de crise xeneralizada pero recoñecemos o sacrificio que supoñen, recoñecemos ós funcionarios o esforzo que teñen que facer coa súa redución de salarios. A diferenza dos gobernos do Partido Popular os socialistas sempre tratamos de que os funcionarios mantivesen o seu poder adquisitivo, mesmo incrementando outro tipo de partidas sociais para mellorar as súas condicións de traballo. Pero vaia por diante, dicíao onte o alcalde, o recoñecemento ós funcionarios que, se ben é certo que teñen ese emprego fixo que é un valor moi importante na actual situación, non é menos

certo que a redución de salarios non agrada en ningún sector. Comprendemos que esta medida en principio poida non ser ben acollida, pero sabemos que no ánimo de todo o conxunto da sociedade española está sacar adiante este país. Fronte isto o que facemos dende o goberno municipal é propoñer unha baixada máxima do 15% que como coñecen todos vostedes polos datos que traemos nesta proposta de aprobación, é evidente que o maior esforzo recae sobre os cargos electos.

Cremos sinceramente que a situación de crise económica na que nos atopamos provén das receitas do liberalismo, da especulación que se realizou durante moitos anos atrás dende a dereita económica e no caso de España foi precisamente o goberno socialista quen incrementou substancialmente o gasto social en cinco anos de goberno de D. José Luís Rodríguez Zapatero.

Neste importante momento de crise, aínda que nos doa ter que facer estas propostas, cremos que neste caso concreto que traemos ó Pleno debemos pedir un esforzo ós empregados públicos da redución pero insistindo no mantemento do estado de benestar como así se recolle en canto ás medidas no ámbito de administración do Estado, pero tamén no ámbito municipal.

No ámbito municipal aprobamos o orzamento; o último orzamento é un exemplo dun esforzo importante por dar solución á crise en xeral pero sobre todo ós vigueses que máis o necesitan. Creemos polo tanto que isto ten todo o equilibrio e que corresponde a unha política social, a unha política de esquerdas que se ben hai que tomar medidas urxentes, non é menos certo que no conxunto do orzamento municipal estamos mantendo as prestacións sociais e a axuda ós que máis o necesitan.

A proposta dos socialistas é que os cargos electos, e así se aceptou polos tres grupos, facemos o maior esforzo de redución do déficit rebaixándonos o salario no 15% e aplicámosllo ós funcionarios estritamente como recolle a normativa do Real decreto, como non podía ser doutro xeito. Insisto en que, recoñecendo e pedíndolles ós funcionarios, ós empregados públicos, esa solidariedade diante da situación e ese recoñecemento de como poden aceptar esas medidas malia que lles afecten ós seus petos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vou entrar moi brevemente porque non queremos nós facer un debate eterno dunha cuestión regulamentaria, pero si é certo que lamentamos que non se poida producir esa votación separada e que cada representación política poida establecer unha votación de acordo co que pensa porque repito que se establecen dous temas que son absolutamente distintos.

Digo que é mágoa porque se apelamos ós informes da secretaria, tamén eu quero dicir que logo de que fala dos fundamentos de dereito, a secretaria do Pleno tamén se expresa claramente e di: “Así pois, o alcalde ostenta competencia para fixar os termos da votación da proposta que se somete ó Pleno”. Na conclusión final volve dicir: “...sen prexuízo da competencia da Alcaldía para a fixación dos termos da votación”. Polo tanto nós o que queremos dicir é que non hai ningunha causa legal que impida que estes dous puntos se voten por separado. Seguimos insistindo na nosa petición pero, habida conta de que a Presidencia somete un único punto, queremos anunciar xa aquí que nos imos abster.

Absterémonos por varias razóns. En primeiro lugar porque o Bloque Nacionalista Galego ven repetindo que non está en absoluto de acordo coas medidas que o goberno do Partido Socialista, que o goberno do Estado, está a aplicar a través dese decreto. Non estamos de acordo porque estamos caendo ou nos queren facer caer nunha auténtica trampa encabezada efectivamente, como ben dicía o voceiro do Grupo socialista, polas políticas neo-liberais.

É unha gran trampa porque parece que aquí os causantes da crise son os estados, digamos, periféricos, é dicir, España, Grecia, etc., cando iso non é así. A gran trampa está en que precisamente os grandes poderes neo-liberais, económicos, centrais europeos que foron os que nos levaron á crise, son agora os que piden axustes, medidas importantes de redución do déficit única e exclusivamente por unha xustificación: para que a gran banca central europea e os grandes poderes centrais europeos poidan seguir mantendo os seus beneficios a custa precisamente dos esforzos deses países periféricos que non foron precisamente os causantes da crise.

Pero hai máis trampas. A segunda gran trampa é que parece que aquí a redución do gasto público, a redución do déficit económico só é motivada polos excesos salariais dos traballadores e traballadoras, neste caso dos funcionarios, ou dos excesos das prestacións sociais, chámense pensións, cobertura de desemprego ou por exemplo Lei de dependencia. Esa é a gran segunda trampa que tanto os gobernos de dereitas como neste caso o goberno do Sr. Zapatero nos queren vender. Non é a solución para a redución do déficit cargar sobre os funcionarios, sobre os traballadores ou sobre as prestacións sociais; aí non está a solución. Fálase dunha redución de milleiros de millóns de euros a longo prazo e imos ver se chegado ese prazo se van poder reducir estas cantidades ou non única e exclusivamente aplicando estas medidas. Esta é a segunda gran trampa.

Non estamos en crise porque os funcionarios gañen máis ou menos, non estamos en

crise porque teñamos unhas pensións como as que temos, por certo, das máis baixas da Unión Europea; non estamos en crise porque teñamos que atender ós dependentes, nin porque teñamos que facer políticas sociais; por iso non estamos en crise. Estamos nunha crise económica porque as políticas económicas foron enfocadas a favorecer ós grandes poderes centrais europeos, á grande banca, a favorecelos cando naqueles momentos de bonanza estaban levando á creba a economía mundial a través dos seus negocios inmobiliarios, a través da consecución de beneficios, grandes beneficios en moi curto tempo.

Mentres isto ocorría os traballadores e traballadoras xa mesmo en tempos de bonanza tiñan que facer sacrificios, cando isto ocorría as nosas pensións non se revitalizaron nun 15 ou nun 20%, os nosos sectores básicos de atención pública non se revitalizaron en época de bonanza económica. É dicir, cando aquí estamos ben economicamente que gañen os poderes centrais e financeiros e cando estamos mal que o paguen os traballadores e traballadoras e os servizos sociais.

Esa é unha gran trampa na que o Bloque Nacionalista Galego nunca vai entrar. Unha gran trampa e unha gran demagogia que se está a facer. Os concelleiros e concelleiras do Bloque Nacionalista Galego imos reducírmonos o 15%, non porque o propuxera o alcalde ou un grupo. Imos reducírmonos o 15% porque evidentemente para dar mostras de solidariedade, de aforro e loxicamente de recortes, primeiro nós. Imos facelo por iso.

Imos abstérmonos deixando moi claro e para que conste en acta que a abstención non significa que non esteamos de acordo en reducírmonos os salarios un 15%, por suposto que estamos. A nosa abstención está fundamentada en que non podemos votar a favor dunha aplicación aínda que sabemos que a temos que aplicar, pero nós non queremos seren cómplices coa nosa votación dunha gran trampa que se lle está hoxe facendo á cidadanía viguesa, galega e tamén de toda España.

Non hai crise porque os funcionarios gañen máis ou menos, nin porque haxa unhas pensións máis ou menos altas, nin porque haxa unhas prestacións sociais máis grandes ou máis pequenas. Hai unha crise á que nos levou unha política económica que está fundamentada no máximo da dereita: favorecer ós que máis teñen e cargar sobre aquelas clases menos favorecidas. Por certo, unha anécdota da dereita, que acaba de evitar que no Parlamento se aprobase unha moción do BNG para que se lles rebaixaran os soldos ós conselleiros das caixas. O Partido Popular votou en contra disto. Aí tamén se ve a demagogia dalgúns e dalgunhas.

Polo tanto o BNG dende a súa posición coherente quere dicir que estamos de acordo

en nos rebaixar os soldos pero que non estamos de acordo coas medidas aplicadas polo goberno do Sr. Rodríguez Zapatero e moito menos en que funcionarios e funcionarias que cobran 1.000 euros ó mes teñan que pagar as consecuencias dunha crise que eles non crearon.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, como dixemos ó inicio deste Pleno, parécenos que, e dicímosllo co máximo respecto pero tamén coa máxima contundencia, que vostede está utilizando este Pleno como un Pleno trampa para que os grupos políticos non poidamos tomar posición libremente.

Cando se inicia a Corporación hai un apartado de retribucións dos corporativos, un apartado único, non ten nada que ver coas retribucións dos funcionarios que se rexen por convenio laboral e polo convenio que ten establecido este Concello. Polo tanto, se ó inicio das Corporacións as retribucións dos corporativos e dos asesores están marcadas e definidas dunha maneira concreta, é unha vontade política que se leva a cabo, parécenos que non hai ningún motivo excepcional nin extraordinario para non poder facer a votación libremente.

Que non quede ningún tipo de dúbida; os concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular estamos dispostos e dixémolo dende o primeiro día, á rebaixa do 15%, pero o que non podemos permitir é que un alcalde non nos deixe tomar posición libremente. Nós estamos de acordo con esa proposta de rebaixa pero vostedes saben que o noso grupo e o noso partido non está de acordo coas medidas relativas ó Real decreto.

Polo tanto nós lle pedimos que nos deixe votar libremente, se non é así non votaríamos libremente e se vostede utiliza este Pleno como un Pleno trampa, nós tamén podemos utilizar a nosa votación como unha votación trampa e quérollo anunciar. Se o Bloque se acaba de abster, vostedes votan a favor e nós votamos en contra, rexeitaríanse todas as medidas e non queremos que isto suceda. Sería unha votación trampa pola nosa parte tamén, para obrigar ó alcalde de Vigo a que deixe votar libremente á Corporación.

Pedímoslle que faga unha reflexión, se quere ter tres ou catro minutos da Xunta de Voceiros facémolo porque este é un tema moi importante, pero se todos anunciamos os votos tal cal e nós votamos en contra quedarían rexeitadas todas as medidas. Vólvolle repetir que o noso Grupo do Partido Popular non quere chegar a esa situación de trampa que sería loxicamente para solventar a de vostede e ademais cunha evidencia, que quedaría claro que o alcalde de Vigo non ten votos ou que os votos que ten hai que consensualos, e non só co seu equipo ou co seu socio de goberno,

senón tamén coa oposición. Neste caso é un tema importante e creo que debería saír por consenso, que cada quen libremente puidese expresar a súa opinión.

Dito isto volvo rexeitalo e deixalo claro para a cidadanía en xeral, o noso partido, o noso grupo non está disposto. Vai incluír agora mesmo un escrito onde evidentemente estamos de acordo ó cen por cen e na súa totalidade na rebaixa do 15% do noso soldo, é máis, se non o rebaixa o goberno porque non houberse votos neste Pleno, nós non cobraríamos ese 15%, reintegrariámolo ás arcas municipais inmediatamente ó finalizar o mes, pero vostede non nos vai obrigar a nós a que teñamos que votar unhas medidas que consideramos que son medidas carentes de visión, de futuro, xeradoras de inestabilidade e de desconfianza. Iso si que non nos vai obrigar por moitas trécolas que queira facer.

Consideramos que o goberno central non tivo ningún tipo de planificación durante os últimos anos, enganou e mentiu á cidadanía dende hai dous anos dicindo que non había crise neste país. Seguramente se naquel momento se dixera a verdade moitos dos cidadáns, moitas das empresas, a banca e todo o sistema económico-financieiro podería adoptar as medidas oportunas para buscar solucións. Vostedes xeraron unha desconfianza en base á mentira, ó engano e á manipulación e ó final estas son as consecuencias.

Agora nos traen outra vez unha proposta de tramposos para que nós quedemos en evidencia ante a cidadanía. Se votamos a favor desta proposta dirán que o Partido Popular apoia a proposta en contra de funcionarios, de dependentes, de mulleres e das clases menos favorecidas, dos pensionistas. Non imos caer nesa trampa. Parécenos que un goberno serio ten que tomar medidas e aplicarlas no seu conxunto, non hoxe unha, mañá outra, pasado outra, dando bandazos segundo lle interese máis ou menos, segundo consideren vostedes que a opinión pública poida ser máis ou menos favorable.

Este país necesita unha política económica, seria, responsable, coherente, planificada a curto, a medio e a longo prazo e dende logo o que está claro xa é que a cidadanía non se fía de vostedes. O maior recorte social da historia deste país estano vostedes levando a cabo porque non teñen ideas, non teñen proxecto, estiveron enfrontando á sociedade, media sociedade contra a outra media en temas importantes e agora veñen os problemas reais que son os que nos levan a esta situación de crise e a que moitas familias o estean pasando francamente mal. Vostedes o que queren é un real decreto castigando ós pensionistas, ós empregados públicos, ás mulleres, ós dependentes, é dicir, castigando ós menos favorecidos e primando outras cuestións.

Dende logo creo que ademais destas medidas neste Concello, xa o diremos publicamente, haberá que aplicar outro tipo de medidas a curto prazo tamén. Non queremos mesturar os debates pero xa lles anuncio que dende o Grupo municipal do Partido Popular nos próximos días faremos unha proposta de medidas para corrixir o orzamento municipal. Non se poden quedar única e exclusivamente nestas catro ou cinco propostas do goberno improvisadas, senón que hai que ir máis aló. Vostedes tiveron unha oportunidade co Plan E que perderon, nesta cidade hai 12.000 parados máis nos últimos tres anos; estamos en 30.000 parados e vostedes dicían que ían xerar emprego por riba de 6.000, 7.000, 8.000 persoas. A pregunta é: onde están eses empregos? Non están en ningures, son datos obxectivos, non son opinables.

Iso é o que nos tiña que preocupar de verdade, buscar políticas axeitadas para xerar emprego e vostedes non son capaces, cada vez que gobernan xeran desconfianza, xeran máis desemprego, fan máis recortes e agora tamén os abandeirados dos incrementos sociais son os que fan o maior recorte social da historia deste país.

E por suposto a maiores son tramposos porque non deixan actuar libremente a todos os grupos políticos e á cidadanía en xeral e estanos obrigando e coaccionando a facer unha votación que vostedes saben que é unha trampa. Non estamos de acordo con estas medidas, creo que hai que aplicar moitas máis medidas, que non se pode improvisar, que non se pode reducir o problema única e exclusivamente ás clases menos favorecidas.

Parece que queda moi ben ante a galería e ante a opinión pública pero non, porque neses empregados públicos hai moitos *mileuristas*, hai moitas persoas que non chegan nin ós mil euros de soldo e vostedes redúcenlles de igual xeito cobren 800, 900, 1.000 ou 3.000 euros. Iso é o que non pode ser e nós, os responsables políticos, como se non cobramos, estamos aquí libremente, non estamos obrigados por ninguén. Os empregados públicos e outro tipo de empregados son profesionais, teñen a súa profesión, é o seu traballo. Dende logo que cando vimos aquí sabemos que podemos estar 1, 4 ou 8 anos ou marcharnos cando libremente consideremos oportuno se non nos apoia a cidadanía. Iso é o que realmente a nós parécenos correcto.

Polo tanto imos pedir esta votación por separado e imos pedir que se vote porque queremos votar libremente, non queremos facer ningunha trampa. Pero xa lle anunciamos que se vostedes non aceptan esa votación, imos incluír un escrito onde a finais de mes se nos reduza o 15% do soldo, que se ingrese en Intervención se pode ser automaticamente. Creo que non hai ningún problema se nós renunciámos ó

15% do noso soldo para que se ingrese nas arcas municipais. Se non imos votar en contra.

Queremos votar libremente para que a cidadanía saiba cal é a nosa posición e polo tanto lle imos pedir ó alcalde que poña a votación dous puntos: un a rebaixa dos corporativos e dos responsables políticos e outro o Real decreto do goberno central. Dúas propostas claras, se non aceptan esa proposta votaremos en contra de toda a proposta xa que non podemos votar por separado e incluiremos todos os corporativos, ós trece membros deste grupo municipal e a todos os do noso grupo que nos corresponda o tema da rebaixa, presentaremos un escrito para que a finais deste mes o 15% do noso soldo quede nas arcas municipais e que o goberno o destine ó que está prefixado, lxicamente a cuestións evidentemente que estean relacionadas co déficit público, coa débeda pública. Creo que iso é o que corresponde.

Polo tanto lle pedimos por favor que nos deixe votar libremente. Se non pode ser así evidentemente tomaremos unha decisión que nos parece que é axeitada e ademais demostrará que a prepotencia e arrogancia do Sr. Alcalde tamén pode ter consecuencias que neste caso son os votos e como demócratas, libremente, os votos dirán o que quere esta Corporación.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, normalmente é vostede o exemplo da incoherencia pero hoxe se superou a si mesmo.

Fala de votación trampa e aquí a única trampa é ser do Partido Popular. O problema é que vostede está atrapado na trampa de ser do Partido Popular. Parece mentira que vostede fose membro do goberno desta Corporación e que non saiba como se aproban nun Pleno os expedientes. Esa xa é a primeira sorpresa porque por seguridade xurídica e de acordo co informe da secretaria débese facer unha votación conxunta. Pero vostede, Sr. Figueroa, e o Partido Popular o que queren é facer a trampa ós cidadáns, enganar ós cidadáns porque están actuando na irresponsabilidade.

Vostede é do mesmo partido que o Sr. Núñez Feijóo? Creo que si, pois o presidente da Xunta vailles aplicar ós funcionarios da Xunta o mesmo Real decreto lei que sacou o goberno e que este goberno municipal trae aquí para a súa aprobación. Vostede é tan irresponsable de que si lle vale que aplique o Sr. Núñez Feijóo o Real decreto ós funcionarios da Xunta e vostede nega neste Pleno un voto favorable do Partido Popular para aplicar o mesmo decreto que o Sr. Núñez Feijóo? É tan irresponsable

para no nome do seu grupo cuestionar a legalidade do aprobado polo Parlamento español? Efectivamente, parece ser que si.

Cando fala de prepotencia, de quen está falando tamén por aplicación? Do Sr. Núñez Feijóo? É prepotente o Sr. Núñez Feijóo porque vai facer o mesmo recorte de salarios ós funcionarios da Xunta? Escoitándoo a vostede e ós concelleiros do Partido Popular parece que na Xunta non se vai aplicar este real decreto. O que vostede lles ten que explicar ós funcionarios é que pretende facernos unha trampa a nós, o que pretende é quedar moi ben estando de acordo coa proposta dos socialista de rebaixarnos os concelleiros o 15% e lanzar o discurso ós funcionarios municipais de que non rebaixaría o soldo e que vai votar en contra.

Pois mire, Sr. Figueroa, se vostede e o Partido Popular fosen os encargados de gobernar esta cidade terían que traer a este Pleno a mesma proposta que traemos nós. Polo tanto son eu quen lle pide o favor de que recapacite o Grupo municipal Popular. Isto é unha proposta xuridicamente correcta en aplicación dun real decreto lei que está aplicando o presidente da Xunta. Se algún dos seus concelleiros é parlamentario no Parlamento de Galicia, cando se leve a proposta do Sr. Núñez Feijóo de rebaixar os salarios ós funcionarios, vai votar o mesmo que neste Pleno ou vai votar distinto? Se alguén é concelleiro e deputado, aquí vai votar unha cousa e no Parlamento de Galicia vai votar outra?

Vostede aproveita o tema dos parados e moitas cuestións pero este non é o maior recorte na historia española. Este é un recorte sobre o maior incremento de gasto social que veu da man de José Luís Rodríguez Zapatero. O goberno de José Luís Rodríguez Zapatero en cinco orzamentos incrementou o gasto social no 50%, a pensión mínima con cónxuxe a cargo incrementouse no 50%. Vostedes non daban axuda a ningún dependente cando gobernaba Aznar. A Lei da dependencia tróuxoa José Luís Rodríguez Zapatero. Son votedes os que están enganando a cidadanía e voulle dar un consello definitivo: ese gráfico que nos exhiben tanto aquí todos os concelleiros do Partido Popular de canto incrementou o paro, cambie a foto, ten que poñer a foto do Sr. Núñez Feijóo. O Sr. Núñez Feijóo ten 220.000 parados en toda Galicia e ten 30.000 en Vigo e este goberno municipal o único que fai é crear emprego e Núñez Feijóo non crea emprego nesta cidade. Cando nos exhiben este gráfico do que incrementou o paro na cidade de Vigo, o que teñen que ensinar é os parados que ten Núñez Feijóo. Vostede sabeo ou debería saber que todas as políticas de emprego están transferidas á Xunta de Galicia. Basta xa de enganar á xente, basta xa de que parezamos os responsables da creación de emprego nesta cidade.

Levan un ano gobernando, non tomaron ningunha medida.

Resumo: traemos unha proposta que se axusta ó Real decreto lei, a mesma que lles comunicou ós sindicatos o presidente da Xunta, Núñez Feijóo. É unha hipocrisía política se vostedes votan distinto ó que vai propoñer á Cámara o presidente da Xunta de Galicia. Por iso lle preguntaba ó principio se vostede é do mesmo Partido Popular que o Sr. Núñez Feijóo, ouvíndoo aquí parece que non.

Todos os gobernos conservadores de Europa tomaron as mesmas medidas que tería que tomar o goberno do Partido Popular se gobernase no Estado español. Vostedes están enganando á cidadanía e este goberno en ámbito estatal e en ámbito municipal son os maiores xeradores de incremento de gasto social, cuestión da que vostedes non poden presumir aínda a nivel de goberno da Xunta de Galicia.

A PRESIDENCIA: Debo informar ó Pleno que na decisión que esta Presidencia está tomando sobre a forma de votación, o que está imperando son as circunstancias de legalidade, non hai ningunha decisión política. Isto quere dicir que calquera proposta de votación que teña o visto bo de legalidade da secretaria do Pleno será asumida por esta Presidencia.

Propoño que suspendamos o Pleno e que os tres voceiros dos grupos, conxuntamente coa secretaria, estuden posibilidades de votación que se adapten á normativa e polo tanto que estean avaladas pola legalidade con informe da secretaria. Quere dicir que temos que estar como Pleno blindados en contra de calquera recurso xurídico sobre a forma de tomar estas decisións.

Sendo as nove horas e corenta e sete minutos a Presidencia suspende a sesión para proceder a unha xuntanza da Xunta de Voceiros. Continúase o Pleno ás dez horas e vinte e catro minutos.

A PRESIDENCIA: Continúase a sesión despois das oportunas conversas. Procedeuse a rectificar o ditame da comisión informativa de tal modo que queda establecida con aval xurídico a posibilidade do acordo e a proposta que aparecían na comisión informativa.

Procedemos en dúas partes de votación. Nunha primeira votaremos a retribución dos membros da Corporación, a retribución dos membros do Tribunal Económico-Administrativo e Asesoría Xurídica. O destino dos aforros que se obteñen mediante estas diminucións de retribución, dedicándose a diminuír o endebedamento a longo

prazo e aplicaremos as normas de seguridade social e dos funcionarios correspondentes a este apartado.

En segundo lugar e nunha segunda votación, procederemos a votar a aprobación das instrucións técnicas para a aplicación do Real decreto lei 8/2010, quedando claro que non estamos ratificando o decreto senón que se está facendo de acordo co ditame da comisión. A aprobación das instrucións técnicas acordadas polos funcionarios. Dedicamos o aforro desta diminución, de acordo con estas instrucións técnicas, a diminuír o endebedamento a longo prazo e se procede coa seguridade social do mesmo modo.

Á parte disto e ulteriormente traeremos unha modificación orzamentaria, como tamén está no ditame e é preceptivo, ós efectos de incorporar os cambios que se están propoñendo neste momento.

Durante o curso do debate, sendo as nove horas e corenta minutos, se incorpora á sesión o Sr. Martiño Gómez.

VOTACIÓN DO PRIMEIRO PUNTO DA PROPOSTA: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

MEMBROS DA CORPORACIÓN E CUESTIÓNS CONEXAS

a) Aplicar unha redución do 15% sobre as retribucións, establecidas polo Pleno para todos os membros da Corporación, incluíndo os concelleiros non electos, con independencia do tipo de adicación, coa mesma temporalidade que a prevista polo RD Lei para o resto do persoal do sector público nos seguintes termos

Cargo	Salario ata 31 maio 2010/anual, 14 mensualidades	Salario dende o 1 xuño de 2010/anual, 14 mensualidades
Alcalde-Presidente	76.729,42	65.220,01
Tenente alcalde	69.117,67	58.750,02
Concelleiros D. Exclusiva 1	66.048,51	56.141,23
Concelleiros D. Exclusiva 2	49.384,73	41.977,02
Concelleiros D. Parcial 1	33.024,26	28.070,62
Concelleiros D. parcial 2	16.057,23	13.648,65

b) Titular da Asesoría Xurídica e membros do Tribunal Económico.

En canto ás retribucións básicas e complemento de destino, seralle de aplicación o contido previsto nas táboas previstas no apartado a), b) do seguinte punto, en canto á redución do complemento específico, aplicaráselle o previsto no apartado c) do seguinte punto.

Para o cálculo da paga extraordinaria de decembro, estarase ao previsto para os funcionarios e persoal laboral suxeito ao acordo regulador no apartado f) para o grupo A1.

Para o cálculo do complemento de destino e específico, estarase ao proposto nos apartados g) e h) do seguinte punto.

c) Seguridade Social.

En canto ás cotizacións ao Réxime da Seguridade Social (disposición adicional sétima) a norma contempla que do 1 de xuño ao 1 de decembro de 2010, a base de cotización por todas as contingencias dos empregados públicos encadrados no Réxime xeral da Seguridade Social cuxas retribucións sexan obxecto do axuste previsto no propio Real Decreto-lei, e en tanto permaneza a súa relación laboral ou de servizo, será coincidente coa habida no mes de maio de 2010, salvo que por razón das retribucións que percibisen puidese corresponder unha de maior contía, en cuxo caso será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

A tal efecto, da base de cotización correspondente ao mes de maio de 2010 deduciranse, no seu caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen dita base sen ter sido obxecto de prorrateo.

d) Aplicación dos aforros

O artigo 14 do RDL declara que os aforros que se produzan en aplicación das medidas de redución de custos de persoal nos exercicios 2010 e 2011, terán a consideración de recursos afectados e destinaranse por orde de preferencia ás seguintes finalidades:

1. A sanear o remanente de tesourería derivado da última liquidación, cando este fose negativo.
2. A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.
3. A financiamento de investimentos.
4. Cando non resultasen de aplicación os dous primeiros apartados, os recursos non aplicados no exercicio ao financiamento de investimentos, destinaranse en sucesivos exercicios ás finalidades previstas nos tres apartados anteriores.

Tendo en conta que o remanente de Tesourería correspondente á liquidación dos presupostos do ano 2009 arroxa un saldo positivo de 94.867.400,1 euros, non é de aplicación os aforros ao apartado primeiro.

En canto a débeda, a entidade mantén un saldo vivo de endebedamento a longo prazo a 31 de decembro de 2009 de 43.814.299,51 euros, que representa o 19,09 por 100 dos ingresos correntes liquidados dos estados consolidados, polo tanto, os

recursos afectados son de aplicación a esta finalidade.

Para poder tramitar dentro do exercicio a aplicación dos recursos a esta finalidade, a unidade de persoal debe cuantificar o aforro que representa a aplicación da proposta para o período xuño-decembro e a partir desa información procederase á tramitación da modificación dos presupostos para a súa aplicación. Deberase ter en conta que a amortización anticipada farase sobre aquela operación de débeda que este ao ter un maior custo, e aplicarase no período e día que correspondese á amortización ordinaria anual. De seren o caso, que no momento procedemental de facer a amortización toda a débeda estivese suxeita a un tipo variable euribor, a aplicación da amortización anticipada faríase sobre aquela que tivese un diferencial maior.

VOTACIÓN DO SEGUNDO PUNTO DA PROPOSTA: Con nove votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, dezaoito abstencións dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

PERSOAL MUNICIPAL

En aplicación do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, propónse a aprobación das instrucións técnicas aplicables á redución aos funcionarios e persoal suxeito ao Acordo regulador, así como a redución que se aplica ao resto do persoal que presta os seus servizos na entidade e nos seus organismos autónomos administrativos, nos seguintes termos

Funcionarios de carreira e interinos

a) Retribucións Básicas.

Grupo/subgrupo Lei 7/207	Ata 31 maio 2010		Dende 1 xuño 2010	
	Soldo €	Trienios €	Soldos €	Trienios €
A1	13.935,60	535,80	13.308,60	511,80
A2	11.827,08	428,76	11.507,76	417,80
B	10.264,44	373,68	10.059,24	366,24
C1	8.816,52	322,08	8.640,24	315,72
C2	7.209,00	215,28	7.191,00	214,80
(Lei 30/1984) e Agrupacións Profesionais (Lei 7/2007)	6.581,64	161,64	6.581,64	161,64

b) Complementos de destino:

Nivel	Ata 31.05.10 anual	Dende 01.06.10 anual
	12 mensualidades	12 mensualidades
	Importe €	Importe €
30	12.236,76	11.625,60
29	10.975,92	10.427,16
28	10.514,52	9.988,80
27	10.052,76	9.550,20
26	8.819,28	8.378,40
25	7.824,84	7.433,64
24	7.363,20	6.995,04
23	6.901,92	6.556,92
22	6.440,04	6.118,08
21	5.979,12	5.680,20
20	5.554,08	5.276,40
19	5.270,52	5.007,00
18	4.986,72	4.737,48
17	4.703,04	4.467,96
16	4.420,08	4.199,16
15	4.136,04	3.929,28
14	3.852,72	3.660,12
13	3.568,68	3.390,36
12	3.285,00	3.120,84
10	3.001,44	2.851,44
9	2.718,12	2.582,28
8	2.576,40	2.447,64
7	2.434,20	2.312,52
6	2.292,60	2.178,00
5	2.150,76	2.043,24
4	2.008,92	1.908,48
3	1.796,28	1.706,52
2	1.584,24	1.505,04
1	1.371,36	1.302,84
	1.158,94	1.101,00

c) O complemento específico.

O Complemento que no seu caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, experimentará unha redución do 5 por 100 respecto do vixente ata o 31 de maio de 2010, coa excepción do previsto para o grupo E (Lei 30/1984 e agrupacións profesionais, Lei 7/2007), que terán unha redución do 1 por 100. O cálculo mensual será ((complemento específico anual)- 0,05 ou 0,01 x (complemento específico anual))/14.

No caso de acumulacións de funcións, aplicarase a redución do 5 por 100 sobre a totalidade das retribucións que conforman o complemento específico do posto e do acumulado que perciba.

- d) Persoal laboral suxeito ao acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo desta Administración.

Seralle de aplicación o previsto para o persoal funcionario sen excepción ningunha tanto as retribucións mensuais como a paga extraordinaria do mes de decembro.

- e) Persoal laboral non suxeito ao acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo desta Administración.

A masa salarial do persoal laboral do sector público experimentará unha redución a partir do 1 de xuño do 5 por 100 das contías por cada un dos conceptos retributivos que integran a nómina e que lle corresponda percibir segundo os convenios colectivos. A devandita redución non será de aplicación ao persoal laboral cuxas retribucións non alcancen 1,5 veces o salario mínimo interprofesional fixado polo Real Decreto 2030/2009, do 30 de decembro.

O cálculo das retribucións mensuais será ((retribucións anuais)-0,05x (retribucións anuais))/14

Este réxime será aplicable tanto ás mensualidades como á paga extraordinaria do mes de decembro.

Pagas extraordinarias dos funcionarios de carreira e interinos e persoal laboral suxeito ao acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo desta administración .

- f) Retribucións básicas correspondentes á paga extraordinaria.

Á paga extraordinaria do mes de xuño de 2010 non se lle aplicará redución ningunha. En canto ao importe correspondente á do mes de decembro, o Real Decreto Lei, modifica o apartado dous do artigo 22 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de presupostos xerais do estado para o ano 2010, incorporando novas contías, sendo os importes correspondentes a soldos e trienios a efectos da paga extraordinaria os seguintes:

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Extraord. de xuño		Extraord. decembro	
	Soldo €	Trienios €	Soldo €	Trienio €
A1	1.131,30	44,65	623,62	23,98
A2	985,59	35,73	662,32	24,02
B	855,37	31,14	708,25	25,79
C1	734,31	26,84	608,34	22,23
C2	600,75	17,94	592,95	17,71
E*	548,47	13,47	548,47	13,47

* Lei 30/1984

- g) Complemento de destino aplicable á paga extraordinaria de decembro.

Aplicarase a táboa correspondente de complementos de destino do apartado b) desta proposta, que experimenta unha redución do 5 por 100 en relación coa vixente

ata o 31 de maio. O cálculo será, (Contía do Nivel que corresponda a partir do 1 de xuño/12), sendo esta a contía que se levará á paga extraordinaria de decembro.

- h) Complemento específico que se incorporará na paga extraordinaria do mes de decembro.

Será o que no seu caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, cunha redución do 5 por 100 respecto do vixente ata o 31 de maio de 2010. O cálculo será, ((complemento específico anual)- 0,05 x (complemento específico anual))/14. Deberase ter en conta aquí o previsto para o grupo E (Lei 30/1984 e Agrupacións profesionais, Lei 7/2007), que terán unha redución do 1 por 100 sobre o complemento específico que lle correspondía ata o 31 de maio de 2010, polo que na fórmula de cálculo substituirase o 0,05 polo 0,01.

- i) Paga extraordinaria do persoal laboral suxeito ao acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo desta Administración.

Seralle de aplicación o contido do proposto nos apartados f), g) e h) para o persoal funcionario, tal e como regula o acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

- j) Paga extraordinaria do mes de decembro do persoal laboral non suxeito ao acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo desta administración.

A contía da paga extraordinaria do mes de decembro, será o resultado de dividir a masa salarial anual ata o 1 de xuño, reducila nun 5 por 100 en cada un dos conceptos retributivos que a integran e que lle corresponda percibir segundo os convenios colectivos entre 14 mensualidades. A devandita redución non será de aplicación ao persoal laboral cuxas retribucións non alcancen 1,5 veces o salario mínimo interprofesional fixado polo Real Decreto 2030/2009, do 30 de decembro.

O cálculo será ((retribucións anuais) - 0,05 x (retribucións anuais))/14

- k) Produtividade e gratificacións.

A partir do 1 de xuño de 2010, os complementos que retribúen o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria co que se desenvolvan os postos de traballo, experimentarán unha redución do 5 por 100 respecto dos créditos autorizados para 2010.

- l) Seguridade Social.

En canto ás cotizacións ao Réxime da Seguridade Social (disposición adicional sétima) a norma contempla que do 1 de xuño ao 1 de decembro do 2010, a base de cotización por todas as continxencias dos empregados públicos encadrados no Réxime Xeral da Seguridade Social cuxas retribucións sexan obxecto do axuste previsto no propio Real Decreto-lei, e en tanto permaneza a súa relación laboral ou de servizo, será coincidente coa habida no mes de maio de 2010, salvo que por razón das retribucións que percibisen puidese corresponder unha de maior contía, en cuxo caso será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

A tal efecto, da base de cotización correspondente ao mes de maio de 2010 deduciranse, no seu caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade no seu devengo superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen dita base sen ter sido obxecto de prorrateo.

m) Aplicación dos aforros

O artigo 14 do RDL declara que os aforros que se produzan en aplicación das medidas de redución de custos de persoal nos exercicios 2010 e 2011, terán a consideración de recursos afectados e destinaranse por orde de preferencia ás seguintes finalidades:

1. A sanear o remanente de tesourería derivado da última liquidación , cando este fose negativo.
2. A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.
3. A financiamento de investimentos.
4. Cando non resultasen de aplicación os dous primeiros apartados, os recursos non aplicados no exercicio ao financiamento de investimentos, destinaranse en sucesivos exercicios ás finalidades previstas nos tres apartados anteriores.

Tendo en conta que o remanente de Tesourería correspondente á Liquidación dos Presupostos do ano 2009 arroxa un saldo positivo de 94.867.400,1 euros, non e de aplicación os aforros o apartado primeiro.

En canto a débeda, a entidade mantén un saldo vivo de endebedamento a longo prazo a 31 de decembro de 2009 de 43.814.299,51 euros, que representa o 19,09 por 100 dos ingresos correntes liquidados dos estados consolidados, polo tanto, os recursos afectados son de aplicación a esta finalidade.

Para poder tramitar dentro do exercicio a aplicación dos recursos a esta finalidade, a unidade de persoal debe cuantificar o aforro que representa a aplicación da proposta para o período xuño-dicembro, e a partir desa información, procederase á tramitación da modificación dos presupostos para a súa aplicación. Deberase ter en conta que a amortización anticipada farase sobre aquela operación de débeda que estea a ter un maior custo, e aplicarase no período e día que correspondese á amortización ordinaria anual. Se fose o caso que no momento procedemental de facer a amortización toda a débeda estivese suxeita a un tipo variable euribor, a aplicación da amortización anticipada faríase sobre aquela que tivese un diferencial maior.

n) Unha vez que a proposta resultase aprobada, comunicárase á unidade de formación de nóminas aos efectos da súa aplicación na formación da mesma correspondente ao mes de xuño e seguintes.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e vinteseite minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario

dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.